


O ALEMÁN NO IES ARCEBISPO XELMÍREZ I DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Moita xente pensa que o alemán é unha lingua difícil de aprender. Porén, este prexuízo é unha opinión lingüística errónea. Para as persoas que non son falantes nativas, **o alemán non é máis difícil que calquera outra lingua**, incluída a galega. A maiores, **saber alemán trae consigo enormes vantaxes**, das que pode tirar proveito o alumnado do noso instituto. É dos poucos que en Galicia teñen a posibilidade de aprender alemán!

ALGUNHAS CIFRAS. SABÍA VOSTEDE QUE...

... o alemán é un dos dez idiomas máis falados do mundo? Son máis de 100 millóns as persoas que se comunican en alemán. **O 20% da poboación da Unión Europea ten o alemán como lingua primeira**, mentres o italiano acada o 15%, o francés o 14% e o español e o polaco o 9%. Polo tanto, **o alemán é a primeira lingua materna da Unión. Como lingua estranxeira, o alemán é, xunto co francés, a segunda lingua máis falada** (co 16% da poboación da Unión), despois do inglés (co 43%) e por diante do español (8%) e do italiano (3%). **O 36% dos cidadáns falan alemán como lingua primeira ou como lingua estranxeira**, e despois aparecen o francés (30%), o italiano (18%), o español (17%) e o polaco (10%).



Tendo en conta o índice de desenvolvemento humano, as exportacións, as traducións e o número de habitantes dos Estados de fala alemá, podemos afirmar que **o alemán é a sexta lingua máis importante do mundo**.

Por suposto, **o alemán é unha lingua oficial da Unión Europea** (de feito, é, co inglés e o francés, **unha das tres linguas de traballo**) e é lingua oficial ou nacional en Alemaña, en Austria e en Luxemburgo, así como, xa fóra da Unión, en Suíza e en Liechtenstein.

O 12% dos libros e o 6% dos sitios web do mundo enteiro están publicados en alemán. De feito, **os títulos en alemán son, tras os ingleses, os segundos en número no mercado literario europeo**; e tamén despois do inglés, **o alemán é a segunda lingua máis utilizada na internet** (despois veñen o ruso, o xaponés, o español e o francés).

SABER ALEMÁN MELLORA AS OPORTUNIDADES NOS ESTUDOS

Os países de fala alemá están na vangarda da investigación científica e contan con **universidades de primeiro nivel**. Ademais, a **formación profesional dual** alemá é admirada en todo o mundo. Isto ábrelle grandes posibilidades ao noso alumnado con coñecementos de alemán, que pode aspirar a completar a súa formación nalgún país xermanófono.

De feito, **os países de lingua alemá ofrecen unha cantidade xenerosa de bolsas** para ampliar estudos no seu sistema académico e de formación profesional, e dispoñen tamén de programas de intercambio dos cales poden beneficiarse aquelas e aqueles estudantes que falan alemán.

O ALEMÁN ABRE MOITAS PORTAS NO MERCADO LABORAL...



... **porque Alemaña**, unha das grandes potencias económicas do mundo, **é o segundo socio máis importante de España**. Hai máis de 1.800 empresas alemás a operar en España. Ademais, nos mercados da Europa central e oriental, o alemán é un idioma imprescindible. Así que son cada vez máis numerosas as empresas –incluídas as alemás e as multinacionais– que necesitan e valoran moi especialmente as e os colaboradores con coñecementos de alemán (por exemplo, nos departamentos de exportación e de importación). E en Alemaña necesitanse persoas que saiban alemán nos campos da medicina, de enxeñaría, da informática e dos coidados!

Para as persoas que traballan no sector turístico, que ten unha importancia crecente no noso país, saber alemán é cada vez máis necesario e abre grandes posibilidades, porque **a cidadanía dos países de fala alemá é a que máis inviste en turismo e visítanos con moita frecuencia**.

O ALEMÁN NO NOSO INSTITUTO

O alemán é un dos tres idiomas máis aprendidos do mundo. En Galicia, pola contra, esta lingua apenas está implantada no ensino. **O IES Arcebispo Xelmírez I é un dos poucos centros académicos públicos galegos que ofrece a materia de Alemán** en todos os cursos da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas modalidades de primeira e de segunda lingua estranxeira.

O noso alumnado non precisa coñecementos previos de alemán.

Para que o alumnado poida asentar os coñecementos adquiridos no instituto, o Departamento de Alemán organiza todos os cursos académicos unha **viaxe de estudos a Alemaña, Austria ou Suíza**. Tamén se facilitan **intercambios** con centros dos países xermanófonos.

Ademais preparamos o noso alumnado para o **exame Goethe-Zertifikat B1 do Goethe-Institut**, que dá dereito á obtención do correspondente **diploma do nivel B1** do Marco común europeo de referencia para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación das linguas.

As persoas interesadas poden solicitar máis información no seguinte enderezo:

Instituto de Educación Secundaria Arcebispo Xelmírez I
Departamento de Alemán / Fachschaft Deutsch
Avenida das Burgas (Campus Vida)
15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 881866962
Fax: 881866970



IES Arcebispo Xelmírez I
Departamento de Alemán / Fachschaft Deutsch
Xaneiro de 2024